



Museo  
do Pobo  
Galego



Instituto de  
estudos das  
identidades

Fontenlo - Codeseda (San Xurxo) - A Estrada, 1981-02

Informantes: Manuela (82) e Carme (67)

Compiladora: Dorothe Schubarth

Transcripción: Dorothe Schubarth e Antón Santamarina

Edición da presente ficha: Sara Vilariño Rama

A Estrada VI, 2, Devesiña, Codeseda, A Estrada

CD 231 11 -

Manuela 82 anos  
Febreiro 1981.

11

(Carmen)

VI,2,148.

- 1) San Xorxe de Codeseda  
tén unha capa marela  
quén lla dou quén lla daría  
nuestra señora da Grela  
Carrascal...

(Carrascal)  
IV 831c

0.33

(Manuela)

158.

- 2) Este pandeiro que toco  
era de coiro d'ovella  
inda onte comeu herba  
oxe toca que rabeia

(VI, 1, 252)

165.

- 3) /Miña sogra cando refie /  
ponse no medio da casa  
ela dime bota fóra  
eu digho tén boa traza

(dt)

169.

- 4) Miña soghra e maila túa  
van na feira da Portela  
vende-lo becerro negro  
fillo da vaca marela

(Bandeira) (dt) IV 608g  
(blanco) T 326a

172.

- 5) O ghaiteiro de Soutelo  
foi tocar a Santa Marta  
adormeceu no camiño  
escarlifiáronll'a ghaita

(dt) III 59  
IV 533b

177.

- 6) /: Vaia bñilar bñilare :/  
chama a quen che parecere  
a min déixame quedare

(dt)

181.

- 7) O ghaiteiro de Soutelo  
foi tocar a Vilaboa  
as mocifias da Portela  
roéronll'a ghaita toda

(dt) IV 584c

184.

- 8) Costureiriña bonita  
dónde té-la túa cama  
no poleiro das ghalifias  
nunha manchea de palla

falada

187.

- 9) /Si te llegas a/ casar  
busca la mujer morena  
de las blancas y las rubias  
de ciento sale una buena

(dt)



Museo  
do Pobo  
Galego



Instituto de  
Estudos das  
Identidades

A Estrada VI, 2, Devesiña, Codeseda, A Estrada \_\_\_\_\_

CD 231 - 11

Manuela 82.  
Febreiro 1981.

3:29

- VI, 2, 207. 10) /: Para Fontenlo cantando !/  
eses mocifios de Barro  
van coma' à troita nadando (11)
210. 11) Pasei pola túa porta  
pedinch' aghua non ma deches (11)  
*agora* si fora meu querediño  
que me fixeches
213. 12) Viva Barro viva Barro  
viva Barro viva ben (11) III 34  
anque digho viva Barro IV 158  
viva Fontenlo tamén
216. 13) Toca pandereta toca (11)  
se non heise de rachare  
que me custache-los cartos  
axúdamos a ghanare
219. 14) Este pandeiro que toco  
era de coiro de canhe  
inda me quixo mordere  
domingo polo manñánhe (sic)
- (222) 15) /: Pandareta de ~~Sarriá~~ <sup>Sarriá</sup> :/ (11)  
tócana en Ribadavia  
resona no Carballiño
225. 4:45 Unha noite no muíño...



Museo  
do Pobo  
Galego



Instituto de  
Estudos das  
Identidades

- 5:01 (Carmen)
- VI,2,229. 16) ~~As~~ <sup>Nenas</sup> ~~nenas~~ de Vilapoca  
vinde lavar ó meu río  
anqu'ó río non é meue  
está no meu labradío (en queriana) IV 544
237. 17) As nenas de Vilapoca  
non é unha que son todas  
poñen seis pares de medias  
pa face-las pernas ghordas (A) IV 440e
242. 18) Nuestra Señora da Graa  
tén un vestido de seda  
quén llo dou quén llo daría  
San Xorxe de Codesea (A) IV 831g
245. 19) Anduvéchet'alabando  
que m'habías de deixar  
aghora déixote eu  
corre ben vait'alabar (G)
247. 20) Eres una loca ~~Kubana~~ <sup>vana</sup>  
llenada de pensamento  
piensas que contigo sola  
tengo de pasar el tiempo (G)
250. 21) San Antonio de Penalva  
tén unha casa no monte  
as mulleres beben viño  
os homes aghua da fonte (VI, 1, 258) IV 782
258. 6:54 22) S'ó río de Lérez  
levara coñá  
máis de catro pillos  
irían alá  
irían alá 5,4,2  
... Marimundo ...
279. 8:20 23) San Xorxe de Codesea  
casamenteiro das vellas  
por qué non casas as nenas  
qué mal che fixeron elas
282. 24) Para Fontenlo cantando  
para outro lado non  
/: para Fontenlo cantando  
prenda do meu corazón :/ (VI, 1, 258) IV 50g
287. 25) En Fontenlo hai boas mozas  
enas Quintas a flor delas  
en...en Insuel' e Xoei  
caraballas prá, cancelas (A) IV 455d



Museo  
do Pobo  
Galego



Instituto de  
estudos das  
identidades

A Estrada VI, 2, Fontenlo, Godeseda, A Estrada

C) 231 - 11 - 12

Carmen 67 anos  
Cecilia 71 "  
Febreiro 1981

VI, 2, 292.

26) /As dalá debaixo/  
agharran a vara  
i bailan o tango  
bailan o tango  
e maila muiñeira  
as d'alá debaixo  
non hai quen as queira,

9:24

As d'alá debaixo  
non hai quen as queira  
que bailan o tango  
e mais a muiñeira /

306.

10:15

27) Non quero muller  
das do cú cusido  
qu'as do cú cusido  
non ghasten sald  
non ghasten sald  
non poden ghastar  
non quero muller  
das do cú cusido

... miña neta dame un bico...  
(eu teño un canciño)

VI 539

VI 144

10:50

FIN